

COMPOSTAXE EN POIO

Dalle unha nova vida ao teu lixo


Guía de Compostaxe Comunitaria



QUE É A COMPOSTAXE



A compostaxe é un proceso de **transformación natural dos residuos orgánicos** (restos de comida e vexetais) que tiramos ó lixo para obter compost, un abono natural de alta calidade que serve para enriquecer á terra mellorando a súa fertilidade e saúde.





QUE BENEFICIOS TEN?



A compostaxe, ademais de producir compost, **contribúe dun xeito moi importante á mellora da nosa contorna** por moitas razóns:

Contribúe á separación e recollida selectiva de residuos, mellorando a sustentabilidade da nosa contorna e a reciclaxe.


Reduce o custo de tratamento de Residuos Sólidos Urbanos (SOGAMA), xa que, a menor materia orgánica, menor volume e peso de recollida reducindo drasticamente o custo por habitante, e, polo tanto, **aforrando tamén nos custos derivados da xestión e o transporte**.

Crea unha **cultura de coñecemento e conciencia ambiental na nosa contorna**, facendo que as persoas teñan uns **hábitos de consumo máis sustentables**.

Contribúe ó **cumplimento da normativa en materia de residuos**. **É máis ecolóxico**, xa que se reduce a frecuencia de recollida, limitando as emisións de CO₂.

Devolvémoslle á terra o que a terra nos dá.

QUE PODO COMPOSTAR?



Todo tipo de froitas, froitos secos, verduras, legumes...



Carne, peixe e mariscos, incluídos os ósos, espiñas e cunchas




Pan, pastas, arroces, ovos, cascas de ovos, todo tipo de lácteos



Restos de comida cociñada



Posos de café, bolsas de infusións sen a etiqueta



Pequenas podas de macetas

Papeles de cociña e servilletas sen cores (as tintas conteñen metais pesados)

NON COMPOSTABLE



Cueiros, produtos de hixiene feminina, medicamentos e sanitarios en xeral



Cabichas de tabaco



Papeis con tintas



Restos de aspiradora ou de varrer



Excrementos de animais ou a súa area



Residuos non orgánicos (plásticos, metais, pedras, cristais...) e téxtil



CÓMO O FAGO?

1

A veciñanza pode levar os seus restos de comida nunha bolsa ou nun cubo.

2

Botará os restos na unidade aberta (a que non está candada)

A bolsa, se é de plástico, vai para o contenedor amarelo e, se é compostable, pode botala ao composteiro desgarrándoa para que os restos de comida estean en contacto co estruturante (madeira triturada).

3

Tapar con estruturante que hai nos caixóns exteriores.


Haberá, á disposición dos/as usuarios/as, unha fonte para poder lavar o cubo ou o que precise.

QUEN O SUPERVISA?



O proceso de compostaxe estará controlado por o/a **Mestre/a Composteiro/a** que responderá a todas as dúbidas que a veciñanza teña ao respecto.

Vixiárá a humidade, a temperatura e a aireación do proceso da compostaxe para aumentar a calidade do compost final.



Se está interesado/a en levar o compost resultante ou resolver calquer dúbida pódese poñer en contacto.

Mestre/a Composteira

Tel. 604 025 288 - De 9.00 a 14.00

Email:

planrevitaliza@concellopoio.gal



**CONCELLO
DE POIO**
Concellería de
Obras e Servizos



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



revitaliza